

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS RELACIONADAS CO MEDIO AMBIENTE NA CONTORNA DO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de Ponteceso o instrumento convencional arriba referido, que terá unha duración dun ano, dende a firma do convenio.

Antecedentes

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia.

Que o concello de Ponteceso e Sogama, veñen colaborando dende o ano 2005 na prestación do servizo de xestión de residuos, acollendo o Concello de Ponteceso as instalacións integradas no punto limpo onde está ubicada unha microplanta de transferencia de residuos.

Que dita microplanta e operada conxuntamente co punto limpo polo seu persoal, presta servizo os concellos de limítrofes. Non obstante, as microplantas, polo seu deseño, non teñen moita capacidade, o que unido a posibles avarias ou atascos, produce algunhas indisponibilidades.

Conscientes disto e coa firme decisión de prestar o mellor servizo posible, Sogama plantexou ao concello de Ponteceso, a posibilidade de construír unha instalación de transferencia fixa, totalmente operada por Sogama, e desligándoos do punto limpo, para o cal é necesario que o concello ceda en uso os terreos necesarios.

Conscientes tamén da xenerosidade que esta cesión supón respecto aos demais concellos usuarios das instalacións, no senso de unha maior calidade na prestación do servizo de transferencia e xestión de residuos, Sogama estima necesario colaborar co concello de Ponteceso na financiación de proxectos de utilidade pública relacionadas co medio ambiente como a mellora nas redes de saneamento e abastecemento de augas.

Finalidade e Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é regula-la colaboración entre o concello de Ponteceso e SOGAMA para a execución e financiamento das obras de execución para AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA) FASE II”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992.

Fundamentación do instrumento convencional:

A sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga colaborando na prestación no concello de servizos públicos como o de transferencia e transporte de residuos así como a mellora das instalación de abastecemento e saneamento público de augas e como consecuencia unha mellora medioambiental.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 150.000 euros, con cargo aos seus orzamentos, para o financiamento das obra, segundo proxecto técnico que se referencia no texto do convenio de colaboración.

Ao non superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, e non ter unha duración plurianual, non é precisa a autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse



dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6º de dita norma, sen prexuízo de que, da acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino
Presidente